



A LA MESA DEL CONGRESO

De conformidad con lo dispuesto en el Reglamento de la Cámara, el Grupo Parlamentario Plurinacional Sumar, formula las siguientes preguntas relativas **al estado del proyecto de reforma de la N-120 a su paso por el término municipal de Pontearreas**, dirigidas al Gobierno y para las cuales solicita respuesta por escrito.

Madrid, Palacio del Congreso, 22 de octubre de 2025

Verónica Martínez Barbero

Manuel Lago Peñas

Portavoz del GP Plurinacional SUMAR

Diputado del GP Plurinacional SUMAR



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La carretera N-120, en el tramo que atraviesa el núcleo urbano de Ponteareas, se ha convertido en una de las zonas más peligrosas de la red estatal en Galicia. Con un volumen de más de 17 000 vehículos diarios, esta vía soporta tráfico pesado, transporte interurbano y desplazamientos locales, atravesando zonas escolares, residenciales y comerciales sin disponer de las medidas de seguridad que requiere un entorno urbano. La convivencia entre peatones y vehículos a alta velocidad genera un riesgo constante y cotidiano que la ciudadanía ya no tolera.

La tragedia golpeó a la población de Ponteareas en repetidas ocasiones. En noviembre de 2022, un hombre de 23 años perdió la vida tras ser atropellado por un turismo en el kilómetro 645 de la N-120, en un tramo sin iluminación adecuada ni espacio seguro para los peatones. En enero de 2024, una niña resultó herida cuando se dirigía a la escuela, tras ser atropellada al intentar cruzar la vía en el kilómetro 644. Estos son sólo dos ejemplos, quizá los más mediáticos, de una larga lista de accidentes y tragedias que han dejado dolor, indignación y miedo entre la población local.

Estos hechos no son hechos aislados: vecinos, familias y colectivos de Ponteareas denuncian una sucesión de accidentes e incidentes provocados por la falta de pasos de peatones visibles, arcenes deteriorados, iluminación insuficiente y la falta de un recorrido peatonal seguro. En los últimos meses, cientos de personas se han movilizado cortando la N-120 en protesta y exigiendo una respuesta urgente del Gobierno español. Las pancartas de las manifestaciones son tan elocuentes como dolorosas: “Basta de muertos en la N-120”, “Queremos vivir, no sobrevivir” o “La carretera no puede seguir pasando por nuestras casas”.

El Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) es plenamente consciente de esta situación. En marzo de 2023 aprobó el proyecto de “Construcción de rotondas y tratamiento de márgenes de la carretera N-120” en el municipio de Ponteareas, con un presupuesto base de 3,3 millones de euros. El proyecto prevé la construcción de rotondas, senderos peatonales e iluminación, así como mejoras en la señalización y los arcenes de la vía, todo ello encaminado a reducir los accidentes y proteger la vida de los vecinos. Sin embargo, el Ministerio aún no ha licitado ni iniciado las obras, pese a contar con la planificación y el apoyo político y social necesarios.

El propio Ministerio defiende públicamente que la seguridad vial es una prioridad



inquebrantable y que se deben priorizar los proyectos allí donde esté en riesgo la vida de las personas. En sus documentos estratégicos —como la Estrategia de Movilidad Segura, Sostenible y Conectada 2030— se establece el principio de “visión cero” es decir, cero muertes y heridos graves en las carreteras del Estado. En consonancia con esta política, los tramos urbanos de las carreteras nacionales, donde el tráfico coexiste con peatones y ciclistas, deben recibir atención preferencial.

El propio ministro Puente afirmó que “la seguridad no es negociable”. Sin embargo, la falta de ejecución inmediata del proyecto en Pontearreas contradice su discurso político. Cada día de inacción es un día en el que miles de personas —incluidos niños que van a la escuela, adultos que cruzan la calle o trabajadores que se desplazan a pie— siguen expuestas a un peligro que el Estado ha reconocido formalmente y sabe cómo resolver.

La unanimidad política y social en torno a esta demanda es absoluta. Todos los grupos municipales del Ayuntamiento de Pontearreas, la Diputación de Pontevedra y múltiples grupos vecinales y educativos exigen una actuación inmediata. No se trata de una reivindicación partidista, sino de una cuestión de vida o muerte. La responsabilidad recae ahora en el Gobierno de España y en el Ministerio competente, que deben demostrar con hechos -no sólo con palabras- que su compromiso con la seguridad vial es real.

1. ¿Es la ejecución del proyecto de reforma del trazado de la N-120 a su paso por Pontearreas una prioridad para el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, con el objetivo de mejorar la seguridad vial, reducir la accidentalidad y proteger a los peatones y colectivos vulnerables?
2. ¿Tiene el Ministerio de Transportes alguna previsión respecto al plazo en el que se prevé realizar la licitación de las obras incluidas en el proyecto “Construcción de rotondas y tratamiento de arcenes”?
3. ¿Puede el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana ofrecer un calendario de ejecución verificable, con la adjudicación en un plazo máximo de seis meses y el inicio de las obras en los tres meses siguientes?

Grupo
Parlamentario
Plurinacional



Á MESA DO CONGRESO

Ao amparo do establecido no Regulamento da Cámara, o Grupo Parlamentario Plurinacional Sumar, presenta as seguintes preguntas relativas **ao estado do proxecto de reforma da N120 no seu paso polo termo municipal de Pontearreas**, e dirixidas ao Goberno e para as cales solicita resposta escrita.

Madrid, Palacio do Congreso, ao 22 de outubro de 2025

Verónica Martínez Barbero
Portavoz do GP Plurinacional SUMAR

Manuel Lago Peñas
Deputado do Grupo Plurinacional SUMAR

C.DIP 86254 22/10/2025 16:17



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada N-120, no tramo que atravesa o núcleo urbano de Ponteareas, converteuse nunha das zonas máis perigosas da rede estatal en Galicia. Cun volume de máis de 17.000 vehículos diarios, esta vía soporta tráfico pesado, transporte interurbano e desprazamentos locais, atravesando áreas escolares, residenciais e comerciais sen dispoñer das medidas de seguridade que esixe un entorno urbano. A convivencia entre peóns e vehículos a alta velocidade xera un risco constante e cotián que a cidadanía xa non tolera.

A traxedia golpeou en repetidas ocasións á poboación de Ponteareas. En novembro de 2022, un mozo de 23 anos perdeu a vida ao ser atropelado no quilómetro 645 da N-120, nun tramo sen iluminación adecuada nin espazo seguro para peóns. En xaneiro de 2024, unha nena resultou ferida cando se dirixía ao colexio, tras ser atropelada ao intentar cruzar a estrada no quilómetro 644. Son só dous exemplos —quizais os máis mediáticos— dunha longa lista de accidentes e atropelos que deixaron tras de si dor, indignación e medo na poboación local.

Estes sucesos non son feitos illados: veciños, familias e colectivos de Ponteareas denuncian unha sucesión de atropelos e incidentes provocados pola falta de pasos de peóns visibles, márxes deterioradas, iluminación insuficiente e a inexistencia dun itinerario peonil seguro. Ao longo dos últimos meses, centos de persoas mobilizáronse, cortando a N-120 en sinal de protesta e reclamando ao Goberno de España unha resposta urxente. As pancartas das manifestacións son tan elocuentes como dolorosas: “Basta de mortes na N-120”, “Queremos vivir, non sobrevivir” ou “A estrada non pode seguir pasando polo medio das nosas casas”.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) é plenamente consciente desta situación. En marzo de 2023 aprobou o proxecto de “Construción de rotondas e tratamento de márxes da estrada N-120” no termo municipal de Ponteareas, cun orzamento base de 3,3 millóns de euros. O proxecto prevé a execución de rotondas, sendeiros peonís e iluminación, así como melloras na sinalización e nos márxes, todas elas orientadas a reducir a sinistralidade e protexer a vida dos veciños. Con todo, o Ministerio aínda non licitou nin iniciou as obras, pese a dispoñer da planificación e do respaldo político e social necesarios.

O propio Ministerio defende publicamente que a seguridade viaria é unha prioridade irrenunciable e que os proxectos deben priorizarse alí onde a vida das persoas está en risco. Nos seus documentos estratéxicos —como a Estratexia de Mobilidade Segura, Sostible e Conectada 2030— establécese o principio de “visión cero”, é dicir, cero

mortes e lesións graves nas estradas do Estado. En coherencia con esa política, os tramos urbanos de estradas nacionais, onde o tráfico convive con peóns e ciclistas, deben recibir unha atención preferente.

O propio ministro Puentes afirmou que “a seguridade non se negocia”. Con todo, a falta de execución inmediata do proxecto en Ponteareas contradí o seu discurso político. Cada día de inacción é un día no que miles de persoas —entre elas menores que van ao colexio, maiores que cruzan a estrada ou traballadores que se desprazan a pé— seguen expostas a un perigo que o Estado recoñeceu formalmente e que sabe como resolver.

A unanimidade política e social en torno a esta demanda é absoluta. Todos os grupos municipais do Concello de Ponteareas, a Deputación de Pontevedra e múltiples colectivos veciñais e educativos reclaman unha actuación inmediata. Non se trata dunha reivindicación partidista, senón dunha cuestión de vida ou morte. A responsabilidade recae agora sobre o Goberno de España e o Ministerio competente, que deben demostrar con feitos —non só con palabras— que o seu compromiso coa seguridade viaria é real.

1. É prioritaria para o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a execución do proxecto de reforma do trazado da N-120 ao seu paso por Ponteareas, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, reducir a sinistralidade e protexer aos peóns e colectivos vulnerables?
2. Ten o Ministerio de Transportes algunha previsión sobre o prazo no que se prevé realizar a licitación das obras incluídas no proxecto de “Construción de rotondas e tratamento de márxes”?
3. Pode o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ofrecer un calendario de execución verificable, coa adxudicación nun prazo máximo de seis meses e inicio das obras nos tres meses seguintes?